

**PROTOCOLO DE PREVENCIÓN DA COVID-19
PARA AS CLASES DE INGLÉS NO
CRA BOQUEIXÓN VEDRA “NEIRA VILAS”
DENTRO DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES
MUNICIPAIS CULTURAI E DEPORTIVAS
2021/2022**



**Concello
de Vedra**

INTRODUCCIÓN:

No marco da recuperación da normalidade e regularidade despois da situación sanitaria creada pola crise do COVID-19 no ano 2020, o Concello de Vedra retoma o seu programa de actividades. Pero faino sempre tendo en conta todas as recomendacións das autoridades sanitarias e a prevención da propagación da epidemia e facendo constar e cumprir de xeito moi estricto todas e cada unha das medidas establecidas.

Neste senso, o Real Decreto Lei do 9 de xuño do 2020, xunto coa Resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, nos cales se establecen as pauta para reactivar aquelas actividades que non se podían realizar ata que rematase o estado de alarma, establece unha serie de medidas que se adoptan no presente protocolo e responden, por unha banda, a un equilibrio entre a necesaria protección da saúde pública e o incremento no número e intensidade das actividades que favorezan a recuperación da vida social, cultural e económica.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

Neste sinxelo protocolo pretendemos establecer as liñas básicas para o desenvolvemento da actividade extraescolar de inglés ofertada para as unitarias do Cra Boqueixón Vedra “Neira Vilas” co seguinte CRONOGRAMA:

INGLÉS PARA A UNITARIA DE SAN MIGUEL DE SARANDÓN	LUNS DE 19 A 20 HORAS MARTES DE 16 A 17 HORAS
---	--

- A actividade desenvólvese na unitaria de San Miguel de Sarandón en coordinación co dito centro e segundo o seu protocolo de actuación.
- Cada grupo está conformado por un máximo de 10 persoas, as listaxes de cada grupo serán coñecidas polo centro para dispor que se reúnan, sempre gardando as distancias de seguridade nun espazo destinado ao efecto para nel ser recollidos pola mestra e dirixidos á dita aula.
- A mestra pasará á organización reporte de asistencia e non asistencia. Este listado estará actualizado e dispoñible para as autoridades sanitarias se así o requirisen.

- Ao remate da actividade o grupo dirixido pola mestra será entregado ás familias ou responsables no espazo delimitado para tal efecto, pregando especialmente nesta ocasión a puntualidade nas entradas e saídas.
- A limpeza e desinfección da mesma realizarase sempre previamente ao inicio de cada sesión.
- Os grupos sempre respectarán o aforo máximo de 10 persoas e a mestra.
- Na realización da actividade cumprirase o distanciamento social físico esixido.
- Será obrigatorio o uso de máscaras e desinfección das mans á entrada e saída da actividade.
- O cumprimento das medidas será de responsabilidade individual, aínda que a o Concello de Vedra facilitarán os medios para que sexa posible. Se se dera o caso de oposición ao cumprimento da normativa preventiva da COVID-19 por parte dalgún/ dalgunha persoa usuaria este/esta sería expulsada, para o bo e correcto funcionamento da actividade

SINTOMATOLOXÍA:

Se algunha persoa ten síntomas do COVID 19 (Tos, febre (37 °), perda de gusto, dificultade para respirar...) non deberá asistir baixo ningún concepto ás actividades e informará debidamente á entidade e ás autoridades sanitarias. Así mesmo, se algunha persoa do núcleo familiar ou coa que tiveran contacto cercano está pendente de realizar algunha proba PCR, non se poderá acudir ás actividades ata que o resultado da proba sexa negativo.

- O Concello de Vedra velará polo bo cumprimento da normativa vixente, reservándose o dereito de admisión para a participación nas actividades.
- Contarase cun listado de asistencia de alumnado ás diferentes actividades para manter un control de contactos e seguimento. Este listado estará actualizado e dispoñible para as autoridades sanitarias se así o requirisen.

- No caso de detección dun caso sospeitoso por COVID-19 no entorno da actividade, seguiranse as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. A persoa afectada retirarse do grupo e conducirse a outro espazo habilitado para a ocasión, delimitado previamente polo centro e debidamente equipado. Contactarase co centro de saúde correspondente á persoa ou co teléfono de referencia (900 400 116), e seguiranse as súas instrucións.
- O monitorado das diferentes actividades velará polo cumprimento das medidas de seguridade: uso da máscara, distanciamento social, hixienización de mans e tamén de instrumentos ou outro material.
- Na entrada da actividade o monitorado tomará a temperatura das persoas participantes.
- O monitorado, dado que imparten clases en varios sitios diferentes, comprométense a vixiar a súa saúde con controis de temperatura antes de impartir as súas clases, así como a avisar e non asistir en caso de calquera síntoma ou sospeita de contaxio COVID.
- Sinatura dun compromiso individual conforme cada alumno/a se compromete ao cumprimento total das medidas para a realización de ensaios.
- A comunicación xeral (envío de información, consultas...) entre a asociación e asociados/as e alumnado realizarase de forma telemática ou telefónica. Así mesmo, toda a documentación que se deba entregar, realizarase deste mesmo xeito sempre que sexa posible.
- O cobro da actividade efectuarase mensualmente a través de transferencia bancaria na conta indicada ao efecto.

Normas para o alumnado:

- O alumnado agardará no espazo delimitado polo centro para a actividade, con puntualidade.
- Desinfección de mans no acceso e saída do local, nas estacións de desinfección habilitadas.
- Seguir as sinalizacións marcadas.
- Situarse no espazo sinalado pola mestra e non deixalo ata finalizar a actividade.
- Deberán usar as máscaras en todo momento.
- Cada alumno/a deberá levar a actividade un estonllo cun lápiz, boli e goma para quedarse na aula de inglés extraescolar. A organización facilitaralle o resto de material, que quedará sempre custodiado no espazo nunha gaveta cerrada hermeticamente.
- O incumprimento de calquera das normas establecidas suporá a expulsión na actividade.